

A nosa referencia: 2 - Secretaría
Expediente: 2025/G010/000010

Notifícolle que a Sra. alcaldesa, con data 20-06-2025, ditou a resolución núm. 639/2025 que se transcribe a seguir:

«RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Visto que por esta Alcaldía no día da data ditouse a Resolución núm. 638/2025, de convocatoria da sesión ordinaria do Pleno municipal a celebrar o xoves 26 de xuño de 2025.

Advertido un erro polo que respecta a un dos asuntos da orde do día da convocatoria, en uso das atribucións que me son conferidas no artigo 21.1 c) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e no artigo 97 do Regulamento orgánico municipal, **RESOLVO**:

Primeiro.- Modificar a orde do día da convocatoria do Pleno ordinario a celebrar o vindeiro xoves 26 de xuño de 2025, ás 11:00 horas, que queda redactada cos seguintes asuntos:

1. Aprobación, se procede, das actas correspondentes á sesión extraordinaria do día 11 de abril de 2025, á sesión extraordinaria do día 21 de abril de 2025, á sesión extraordinaria e urxente do día 21 de abril de 2025 e á sesión extraordinaria do día 13 de maio de 2025
2. Parte resolutiva
 - 2.1. Proposta relativa á modificación do Acordo regulador das condicións de traballo do persoal funcionario ao servizo do Concello de Cambre para o establecemento da xornada de traballo de 35 horas semanais
 - 2.2. Mocións urxentes en asuntos de competencia de pleno segundo o artigo 22 da Lei 7/1985, que non figuren na orde do día
3. Parte declarativa
 - 3.1. Declaracións institucionais
 - 3.2. Mocións dos grupos municipais
4. Parte de información, control e fiscalización
 - 4.1. Informes do equipo de goberno
 - 4.2. Dación de conta das resolucións de Alcaldía e concelleiros/as delegados/as e acordos da Xunta de Goberno Local adoptados por delegación da Alcaldía
 - 4.3. Dación de conta da Resolución da Alcaldía núm. 634/2025, do 20 de xuño, de liquidación do Orzamento 2024
 - 4.4. Rogos
 - 4.5. Preguntas

Segundo.- Notifíquese aos señores concelleiros e concelleiras para os efectos oportunos.»

O que se lle notifica para os efectos oportunos.

Cambre, na data da sinatura dixital

A secretaria xeral

Pilar María Pastor Novo

TABOLEIRO DE ANUNCIOS